

# A clase obreira galega mobilízase en marzo

■ No Día da Clase Obreira Galega deste ano, promovemos unha folga xeral nas comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal. A dramática situación que padecen debe servir de alerta a toda Galicia, máis aínda agora que, como consecuencia da pandemia, se viu de primeira man a necesidade de contar cunha industria forte e vinculada ao territorio. / Páxs. 2-3



# Para que Galicia avance

O Día da Clase Obreira Galega de 2021 conmemórase nun escenario inédito, marcado por unha dobre crise sen precedentes, sanitaria e económica, cuxos efectos aínda non somos capaces de calcular, pero que xa se están a traducir en clausura de negocios, aumento do desemprego e peches ou deslocalizacións de empresas. E isto pode ser só o comezo se non damos posto alternativas riba da mesa.

A dramática situación que hoxe en día padece a comarca de Ferrol, que corre o risco de se converter nun ermo industrial, debe servir de alerta a toda Galicia. Máis aínda agora que, como consecuencia da pandemia, vimos de primeira man a necesidade de contar cun sector industrial forte que, ademais de xerar emprego cualificado e de calidade, impida que sectores esenciais para a nosa economía dependan dos vaivéns das cadeas de subministración internacional.

Por vez primeira, Europa decide afrontar unha crise económica con políticas expansivas, non de recortes. Este cambio de paradigma é unha ventá aberta para Galicia, que asemade deberá dar resposta aos retos que xa arrastraba antes da aparición da covid-19 nas nosas vidas, e acometer o proceso de reconstrución do seu tecido produtivo.

## ESTRATEGIA DE PAÍS

O Goberno galego ten na súa man a oportunidade histórica de que os fondos europeos se destinen a unha estratexia de país e coa implicación corresponsable de sindicatos, patronal, grupos parlamentarios e as tres universidades públicas. Todo o que non sexa unha acción de país estará condenado ao fracaso.

Un dos vectores da reconstrución, financiada con estes fondos, ha ser a transición ecolóxica. Porén, non debemos transmitirle á sociedade unha idea errónea de transición e facer que os fantasmas da reconversión volvan ás mentes dos galegos e das galegas: é importante xerar empregos, pero igual de importante é que estean vinculados a actividades perdurables.

Canto aos retos que xa premían a nosa economía, a negociación colectiva é un dos prioritarios: o mercado de traballo en Galicia debe mellorar a través da propia mellora



dos convenios colectivos, porque a boa calidade do emprego é a resposta máis axeitada ao declive demográfico do noso país.

A loita por convenios dignos está a vehicular a maior parte das mobilizacións que protagonizamos nos últimos meses. Tamén por un convenio saímos ás rúas de Ferrol hai 49 anos, xustas reivindicacións que foron disoltas a tiros pola policía franquista, pero que nin dobregaron nin domesticaron o sindicalismo de clase que representan as Comisións Obreiras.

Continuaremos dando a batalla, sector a sector, empresa a empresa e convenio a convenio, para que todo o esforzo que fixo a clase traballadora durante esta crise sexa compensado e que a saída se asente no principio da xustiza social. Seguiremos loitando para que Galicia avance.

VIVA A CLASE OBREIRA GALEGA!!  
VIVA O DEZ DE MARZO!!  
VIVAN AS COMISIÓNS OBREIRAS!!  
DANIEL E AMADOR, NA MEMORIA!!

## 10M, Día da Clase Obreira Galega

**Folga xeral** na defensa das comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal.

**Manifestación unitaria** ás 12:00, con saída do polígono da Gándara e remate no monumento ao Dez de Marzo.



# Traxectorias en defensa da clase obreira

## PREMIOS 10 DE MARZO

Santiago de Compostela  
6 de marzo de 2021



Retransmisión en directo ás 11:30  
<https://i.gal/Premios10Marzo2021>

■ Polo conxunto de situacións duras e trágicas ocorridas desde a anterior edición destes premios, o Sindicato Nacional de CCOO valorou a oportunidade de recoñecer, a través das tres persoas galardoadas, a inxente tarefa colectiva dos profesionais sanitarios, a loita pola defensa da sanidade pública, a comprometida resposta no ámbito sociolaboral e co diálogo social e a traxectoria vital de compromiso cos valores das Comisións Obreiras.

### YOLANDA DÍAZ PÉREZ (Fene, A Coruña, 1971)

Estudou Dereito na Universidade de Santiago de Compostela e ampliou estudos en urbanismo, relacións laborais e recursos humanos. No 2005 foi elixida coordinadora nacional de Esquerda Unida, en 2012 entrou no Parlamento galego e catro anos máis tarde converteuse en deputada no Congreso.

En xaneiro de 2020 foi nomeada ministra de Traballo; elaborou numerosas normas e decretos que conformaron un modelo de xestión da crise sanitaria e de emprego baseado na concertación e no diálogo social.



### XOSÉ GÓMEZ GÓMEZ (Montederramo, Ourense, 1952)

Estudou Dereito en Madrid, ao tempo que facía o servizo militar. Afiliado ás CCOO desde a clandestinidade, iniciou a súa militancia na gran conflictividade laboral, social e política dos anos setenta.

Formou parte da comisión executiva do Sindicato Nacional de CCOO de Galicia e de todas as executivas da Unión Comarcal de Ourense ata a súa xubilación. Foi secretario xeral da Unión entre os anos 2000 e 2008.



### ÁNGEL CAMESELLE CORBACHO (Vigo, 1953)

Ángel Cameselle sumouse ás Comisións Obreiras con 18 anos, despois dos sucesos de marzo de 1972 e da gran folga xeral en Vigo, en setembro do mesmo ano. Comezou no metal, pero tras o seu despedimento deu o paso ao sector sanitario. Participou na reorganización de CCOO nun sector en que estaba desmantelado e foi medrando ata ser a primeira forza sindical en Vigo. Foi secretario comarcal de Sanidade en Vigo e presidente da xunta de persoal. Entre 2012 e 2019 foi o secretario xeral da Federación de Sanidade de Galicia.





MAMEN SABIO  
Secretaria da Muller de CCOO

## Vivas, libres, unidas en acción e reivindicación

CCOO loita acotío polos dereitos das mulleres, pola igualdade efectiva, por unha sociedade asentada na xustiza e na calidade democrática. Unha loita que reivindicamos este 8 de marzo, Día Internacional das Mulleres, baixo o lema «Vivas, libres, unidas en acción e reivindicación» e coas etiquetas #VivasLibresUnidas e #Acción8M.

Vivas, porque os asasinatos e outras violencias machistas acernan o noso dereito a unha vida plena e segura.

Libres, porque reivindicamos o dereito a unha vida con plena autonomía.

Unidas, porque xuntas somos máis e máis fortes.

Este Día Internacional das Mulleres cobra especial relevancia porque **a pandemia da covid-19 está golpeando as mulleres e AGRAVA DESIGUALDADES ESTRUCTURAIS como:**

— A cronificación do paro: 105 305 galegas desempregadas en xaneiro (57 % do total).

— Hai 24 626 desempregadas máis ca desempregados, a pesar de que hai case 50 000 activas menos.

— Son mulleres case seis de cada dez persoas que procuran o primeiro emprego.

— As mulleres son maioría (59%) entre a poboación que leva máis dun ano buscando un emprego.

— As mulleres continúan a padecer a fenda salarial e de xénero no mercado laboral e, polo tanto, nas pensións futuras.

**A pandemia tamén ampliou barreiras estruturais sociais para as mulleres:**

— Máis dificultades para as mulleres en situación de violencias machista: maior risco para elas e maior incidencia destas violencias.

— Déficits en conciliación corresponsable, que agravan a sobrecarga de responsabilidades familiares e de coidados para as mulleres pola carencia de servizos públicos de coidado e a falta de corresponsabilidade dos homes.

— Lagoas administrativas para algúns grupos de mulleres máis vulnerables, que aumentan o seu risco de exclusión social e de pobreza: maiores, inmigrantes, con menores a cargo, con diversidade funcional, mozas, paradas de longa duración, etc.

— No ámbito estatal, a ultradereita cuestiona as fendas e violencias de xénero, recortando as políticas de igualdade.

— A escala internacional, o ataque e o recorte de dereitos sexuais e reprodutivos.

**A pesar do contexto, valoramos algúns AVANCES, froito do diálogo social:**

— ERTE. Foron unha ferramenta esencial para o sostemento do emprego nestes tempos, e máis no caso das mulleres. Máis de millón e medio de mulleres no Estado viron protexido o seu emprego grazas a un ERTE.

— Ingreso mínimo vital (IMV). Amplía o estado do benestar, cun impacto de xénero positivo dada a feminización da pobreza no noso país. Constatamos que chega devagar ás persoas vulnerables. Débese axilizar o proceso de recoñecemento do IMV, flexibilizar os requisitos de acceso, incrementar o persoal de xestión pública e simplificar o procedemento.

— Subsidio extraordinario para as traballadoras do fogar afectadas pola covid-19. Malia os problemas na súa xestión e aplicación, supuxo un avance e esperamos que un punto de inflexión.

— Reais decretos de igualdade. En outubro de 2020 apro-



báronse o RD 901/2020, polo que se regulan os plans de igualdade e o seu rexistro, e o RD 902/2020 de igualdade retributiva entre mulleres e homes. Dúas normas que amplían e reforzan o marco da Lei de igualdade de 2007.

— Complemento para combater a fenda de xénero en pensións. Facemos unha valoración positiva do novo complemento para reducir a fenda de xénero nas pensións contributivas, pois reverte as exclusións que contiña o deseño orixinal e axústase á sentenza do Tribunal de Xustiza da UE. A pesar destes avances, é susceptible de mellora e perfeccionamento.

### Un 8M en contexto de pandemia

A actual situación sanitaria impídenos ocupar as rúas coas multitudinarias manifestacións dos últimos anos, pero máis ca nunca e ante o risco de importantes retrocesos, faremos chegar o berro das nosas demandas. Comezando pola demanda sindical *#AgoraSiToca*. Como traballadoras, como mulleres, aféctanos e reivindicamos *#VivasLibresUnidas* en *#Acción8M*.

Manifestamos o noso compromiso sindical co cumprimento da Axenda 2030, que supón unha guía no noso traballo sindical, e demandamos que se aborden con perspectiva de xénero os 17 obxectivos de desenvolvemento.

### Ante este 8M, RECLAMAMOS

— A suba do salario mínimo interprofesional (SMI), porque as mulleres están máis representadas nos salarios máis baixos, moitas delas en sectores esenciais especialmente expostos á covid-19.

— Derrogar as reformas laborais, porque o noso mercado de traballo está lastrado pola precariedade, que prexudica especialmente as mulleres.

— Derrogar a reforma de pensións do 2013. En Galicia temos das pensións máis baixas do Estado e as pensións femininas son moi inferiores ás masculinas.

— Un sistema público de coidados baseado no emprego de calidade. Urxe construír un sistema de coidados asentado en servizos públicos, accesible a todas as mulleres e con emprego de calidade.

— Políticas activas de emprego con perspectiva de xénero. Cómpre investir para eliminar as barreiras estruturais que impiden o acceso das mulleres ao mercado laboral.

— Políticas, accións e compromiso para erradicar as violencias. Entre outras medidas, formación específica dos



corpos e forzas de seguridade do Estado, medidas de prevención das violencias nas empresas acordadas no marco da negociación colectiva, desenvolvemento da inserción sociolaboral das mulleres vítimas e máis efectividade e recursos na aplicación do Pacto de Estado en materia de violencia de xénero.

— Perspectiva de xénero na reconstrución económica. É preciso orientar os fondos europeos para a reconstrución económica desde unha perspectiva de xénero que remedie as discriminacións que sofren as mulleres.

— Exiximos a ratificación de dous importantes convenios da Organización Internacional do Traballo (OIT): Convenio 189 sobre as traballadoras e os traballadores domésticos e Convenio 190 sobre a violencia e o acoso no mundo do traballo.

**No traballo do día a día, para CCOO é *#8MSempre* e reclamamos igualdade real e efectiva xa. Non pode postergarse coa escusa doutra crise.**

## CONVOCATORIAS 8M

Para o 8M, desde CCOO convocamos **concentracións entre as 12 e as 13 horas diante dos centros de traballo e edificios sindicais** de todo o Estado. En Galicia sumámonos ás **manifestacións e concentracións** convocadas pola plataforma Galegas 8M, da que formamos parte, e que pode consultar en: <https://i.gal/8M21>.


Non o dubides: participa nas mobilizacións e segue as indicacións dos servizos de orde en cada unha das convocatorias.



*Que non se che esqueza!*

Se aínda non o fixeches recorda que podes **multiplicar X2** o capital do teu seguro de accidentes para afiliados/as.

**GRATIS  
X2**



<http://bit.ly/AtlaccidentesCCOO2>

Para máis información:

Alicia Rodríguez - 611 602 341  
alicia.rodriguezabelleira@atlantisgrupo.es

Alfonso González - 683 273 210  
alfonso.gonzalezalvarez@atlantisgrupo.es

**ATLANTIS**

O servizo asegurador  
do teu sindicato